



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Expte: 2627/2025

Asunto: convocatoria de subvencións para fomento do asociacionismo e actividades festivas do municipio (ano 2025), aprobada mediante resolución de data 21-7-25

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO (ANO 2025)

“1. OBXECTO

O Concello de Nigrán convoca o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades de fomento e consolidación do asociacionismo no municipio (apdo. 4 das bases específicas), así como para apoiar a conservación e consolidación das festas tradicionais que se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias do municipio (apdo. 4.2 das bases específicas), todo elo respecto de actividades realizadas ou que se pretendan realizar durante o ano 2025.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexerese polas súas bases específicas, incluídas como Anexo IV das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2025 (BOP núm. 82 do 2/05/2025), cuxo texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org> apartado “Portal de transparencia”, subapartado “4. Axudas e subvencións”, “2025”), <https://nigran.sedelectronica.gal/preview-document/c1b4d4c6-21d4-423a-9129-a5062a172869/>, ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

As bases específicas aludidas foron modificadas mediante acordo plenario adoptado en sesión do 26/05/2025 (BOP núm. 130 de 9 de xullo de 2025), cuxo texto íntegro está publicado no mesmo apartado da sede electrónica do Concello de Nigrán ao que se fixo referencia previamente.

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables

4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 10.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 924.48000 do Orzamento Xeral para 2025 (subvencións para fomento do asociacionismo), e a 37.5000 euros





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 338.48001 do Orzamento Xeral para 2025 (subvencións para festexos populares – actividades festeiras).

5. CONTÍA DAS AXUDAS

A presente convocatoria refírese ás dúas modalidades previstas na base 4ª das bases específicas: fomento e consolidación do asociacionismo (apdo. 4.1) e actividades festeiras (apdo. 4.2).

As subvencións para a modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4.1 e 5.1 das bases específicas.

As subvencións para a modalidade de actividades festeiras concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 5.2 e 5.2 das bases específicas.

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de 4.750 euros. Desglósase este importe máximo da axuda, sendo un tope de 1.250 euros para a modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo e de 3.500 euros para actividades festeiras.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo de quince días hábiles contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Concello de Nigrán (nigran.sedelectronica.gal), por canto trátase de entidades obrigadas a relacionarse por medios electrónicos, de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes presentaranse empregando o trámite electrónico “Solicitud de Subvención para actividades festeiras (2025)”, dispoñible na sede electrónica do Concello de Nigrán (nigran.sedelectronica.gal).

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada no nº 25 das Bases Xerais reguladoras da concesión de subvencións, en canto á conta xustificativa, e nº 23 en canto aos certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

*O último día para presentar esta documentación será o **15 de novembro** da*





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350

Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

anualidade á que se refire a convocatoria.

